UNIVERSIDADE DE VIGO

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 10 de novembro de dous mil nove, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

**ASISTENTES:**
Aboal Somoza, Teresita
Alba Castro, José Luis
Albo López, Elena
Allegue Aguete, Pilar
Álvarez Pereira, Carmen Susana
Álvarez Rodríguez, Pablo
Álvarez Rodríguez, Rosana
Anaya Revuelta, Inmaculada
Andrés Iglesias, Jesús
Area Carracedo, Iván Carlos
Arias Sánchez, Pedro
Badaoui Fernández, Aída
Barcia Rodríguez, Ignacio
Basalo Domínguez, David
Bergareche Gros, Almudena
Blanco Pesqueira, Antonia
Bravo Bernárdez, Jorge
Bringas López, Ana
Bueno Alonso, Jorge Luis
Bustillo Bolado, Roberto Orlando
Cabeza Pereiro, Jaime
Cabeza Pereiro, Mª Del Carmen
Cancela Outeda, Celso
Carballo-Calero Ramos, M. Victoria
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Chavete Rodríguez, José
Cid Fernández, Mª Magdalena
Cid Fernández, Xosé Manuel
Cid Rodríguez, Xúlio Alberte
Cristóbal Ortega, Mª Julia
De Lorenzo Rodríguez, Edita
De Miguel Palacios, Carlos
De Oca Cancela, Guillermo
Diéguez Castrillón, Mª Isabel
Estévez Toranzo, Margarita
Fandiño Alonso, Jaime Francisco
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Manín, Generosa
Fernández Pulpeiro, Ana
Fonseca Bon, Cecilio
Fraiz Brea, José Antonio
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
Gándara Pérez, José Antonio
García Camba, Xavier
García Cutrín, Francisco Javier
García Estévez, José Manuel
García Gil, Soledad
García Masegosa, Antonio
García Mateo, Carmen
García Sánchez, Manuel
García Soidán, José Luis
García Soidán, María Del Pilar
García Vázquez, José Manuel
García Vázquez, Manuel
Garrido Suárez, Carlos
Gil Villanueva, José Mª
Godoy Malvar, Eduardo
Gómez Fernández, Sadoth
González Cespón, José Luis
González Estévez, Emilio José A.
González Pillado, Esther
González Piñeiro, Luis
Graña Rodríguez, Ana María
Guerrero Saco, Alejandro

O martes, **día 10 de novembro de 2009**, ás 10:55 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da adaptación do proxecto de Estatutos da Universidade de Vigo ao informe de legalidade emitido pola Xunta de Galicia.

Inicia a sesión o reitor sinalando que se trata dun Claustro de carácter extraordinario cun único punto na orde do día relativo á aprobación, se procede, da adaptación do proxecto de Estatutos da Universidade de Vigo ao informe de legalidade emitido pola Xunta de Galicia.

Seguidamente cédese a palabra á secretaria xeral quen expón que, como todos os claustrais recordan, na sesión de Claustro de 26 de maio deste ano, foi aprobado o Proxecto de Estatutos da Universidade de Vigo. Nesa mesma sesión, indicouse xa a necesidade de remitir ese texto á Xunta de Galicia para a súa aprobación, unha vez feito o correspondente control de legalidade previsto no art. 6 da *Ley orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de universidades* (LOU).

Remitido o Proxecto de Estatutos á Xunta de Galicia, a Asesoría Xurídica Xeral emitiu informe no que formula unha serie de obxeccións de legalidade que é necesario emendar antes de sometelos de novo á aprobación polo Consello da Xunta. Este é o obxecto desta sesión do Claustro.

Trátase, polo tanto, da aprobación do Proxecto de Estatutos coas adaptacións necesarias ao informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia que constan no texto remitido a todos os Claustrais. Esta proposta foi aprobada por asentimento pola Comisión de Adaptación de Estatutos á LOU, na súa sesión de 20 de outubro de 2009.

Aínda que todos os claustrais teñen a súa disposición o Informe de legalidade da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, así como o Proxecto de Estatutos, salienta as modificacións máis importantes feitas no texto.

Hernández Sánchez, Jesús
Iglesias Briones, María Jesús
Lago Ferreiro, Alfonso
Lastra Valdor, Mariano
Liste Fernández, Araceli Mercedes
Llamas Nistal, Martín
Loeck Hernández, Juan
López Iglesias, Manuel
Lorenzo Cimadevila, Enrique
Lorenzo Merino, Fernando José
Macías Cambra, Enrique Antonio
Martín Lucas, Belén
Martínez Piñeiro, Ana Belén
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
Membiela Iglesia, Pedro
Míguez Tabarés, José Luis
Mojón Ojea, Artemio
Mollinedo Lois, Carlos
Montero Muñoz, María
Morán Martínez, Mª Paloma
Mosquera Nartallo, Carlos
Moure Rodríguez, María José
Navaza Dafonte, Francisco
Nogueiras Meléndez, Andrés A.
Nombela Castaño, Miguel Ángel
Otero Camiña, José Luciano
Palacio Sánchez, Xosé Antonio
Pardo Froján, Juan Enrique
Paz López, José
Pazó Martínez, Mª Consuelo
Pena Uris, Gloria Mª
Pérez Cota, Manuel
Pérez Iglesias, Mª Teresa
Prada Blanco, Albino
Prieto Tobío, Joaquín
Puga Alonso, Javier
Rama Martínez, Mª Esperanza
Ramos Cabrer, Manuel
Romo Pérez, Mª Carmen
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
Sieiro Vázquez, Carmen
Soto Carballo, Jorge
Suárez Pazos, Mercedes
Sueiro Justel, Joaquín
Teijeira Bautista, Marta
Terán Moldes, Mª Del Carmen
Tojo Suárez, Mª De La Concepción
Tugores Martorell, Francisco
Vallejo Pousada, Rafael
Varela Martínez, Iago
Vázquez Dorrío, José Benito
Vázquez Vicente, Xosé Henrique
Vera Isasa, María
Vila Pumares, Cristina

**DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:**
Barreiro Blas, Antonio
Bergantiños Cid, Gustavo
Bernal Gómez, Rosa
Cruces Colado, Susana
Cordero Rivera, Adolfo
Gómez Rodríguez, Alma María
Jato Rodríguez, María Victoria
Pena Rodríguez, Alberto
Pose Blanco, José
Solveira Fontenla, Carlos
Tourón Estévez, Sonia

De todas as alegacións que constan no informe, a de maior entidade é a relativa á non procedencia da emisión dun informe vinculante por parte do Claustro da Universidade como requisito previo para a tramitación de funcións que a LOU atribúe ao Consello de Goberno. Entende a Asesoría Xurídica Xeral que a LOU deixa predeterminadas as competencias do Claustro sen ningún espazo para que os Estatutos poidan engadir novas competencias, especialmente no caso en que se altera o xogo de relacións entre órganos que están configurados legalmente (é o caso do Consello de Goberno e o Consello Social). Trátase, en concreto, de competencias como a creación de Facultades ou Escolas, a implantación de novas titulacións, a creación de institutos de investigación, ou a aprobación das liñas xerais de política orzamentaria, onde a previsión dun informe vinculante do Claustro, residiría no Claustro a verdadeira decisión ao respecto o que alteraría a regulación que atribúe estas competencias ao Consello de Goberno.

A proposta que se fai aos claustrais é cambiar no texto ás referencias informe vinculante do Claustro por informe preceptivo do Claustro, de xeito que, nestas materias sempre terá que emitirse un informe do Claustro antes da súa aprobación polo Consello de Goberno pero se salvaría a legalidade en canto o informe non ten carácter vinculante.

As restantes alegacións que se fan por parte da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta son de carácter formal:

- Nun caso supoñen a inclusión no texto de mencións expresas contidas na LOU, como por exemplo, a inclusión no art. 30, onde se enumeran as funcións do Consello Social, da función específica contida no art. 14.2 da LOU relativa á aprobación dun plan anual de actuacións destinado a promover relacións entre a universidade e o seu entorno.

- Noutro caso, supoñen a eliminación no texto de mencións que non se recollen na LOU, como pode ser no art. 20 que ao falar da constitución de institutos mixtos de investigación se menciona que se poderán facer en colaboración con entidades ou institucións públicas ou privadas, o que non prevé a LOU.

Doutra banda, a Asesoría Xurídica Xeral tamén fai recomendacións sobre a conveniencia de que no apartado primeiro do artigo 4, que regula a lingua na universidade, se faga unha mención á cooficialidade da lingua castelá xunto á referencia á galega como lingua propia da universidade.

Coma neste caso, non se trata dunha obxección de legalidade, non se propón ningún cambio no texto inicialmente aprobado polo Claustro.

Antes de rematar agradece novamente a todos os membros da Comisión de Adaptación de Estatutos á LOU o seu traballo e esforzo que fixo posible traer hoxe aquí este texto de forma consensuada.

Rematada a súa intervención, e non habendo ningunha intervención, apróbase o texto por asentimento.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:05 horas do día 10 de novembro de 2009, da que eu como secretaria xeral dou fe co vº. e pr. do reitor.

O reitor

Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral

Esther Mª González Pillado